

Disposición transitoria única. *Aplicación das porcentaxes de bonificación previstas no punto tres da disposición adicional vixésimo sexta da Lei 2/2004, do 27 de decembro.*

As porcentaxes de bonificación establecidas no punto tres da disposición adicional vixésimo sexta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, segundo a redacción dada por este real decreto lei, serán de aplicación con efectos do 1 de xaneiro de 2005.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6659 *REAL DECRETO 449/2005, do 22 de abril, polo que se modifica o Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo. («BOE» 99, do 26-4-2005.)*

A Constitución española define no seu artigo 107 o Consello de Estado como «supremo órgano consultivo do Goberno» e a continuación prescribese que «unha lei orgánica regulará a súa composición e competencia». En cumprimento deste precepto constitucional foi aprobada a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado. Esta lei acomodou a regulación do Consello de Estado á nova orde constitucional e o seu principal obxectivo foi garantir o correcto exercicio da función consultiva «con obxectividade e independencia de acordo coa Constitución e as leis».

A Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, reconece na súa exposición de motivos que o Consello de Estado tivo un papel determinante na garantía da calidade, a técnica e o rigor da actuación do Executivo, levando a cabo un labor capital na defensa do Estado de dereito.

Co ánimo de enriquecer e potenciar tan relevante función consultiva, a citada lei orgánica introduciu diversas modificacións que acrecentarán a análise atenta e a reflexión prudente da institución. Tales modificacións refírense fundamentalmente á incorporación ao Consello de Estado dos ex presidentes do Goberno e á creación dunha Comisión de Estudos á cal se lle atribúen as funcións de elaborar os estudos, informes e memorias que o Goberno lle encargue o que acorde o presidente do Consello de Estado, así como a elevación ao Pleno das propostas lexislativas e de reforma constitucional que o Goberno lle encomende.

Pola súa vez, a citada Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, leva a cabo, entre outras modificacións, unha

revisión das competencias da institución para adaptalas ao actual marco legal, actualiza as denominacións de certos cargos e modifica o título necesario para concorrer ás oposicións ao corpo de letrados do Consello de Estado, precisando que deberá ser o de licenciado en dereito.

Tales reformas requiren unha modificación de diversos preceptos do Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo, amparada pola disposición derradeira terceira da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, e polas habilitacións específicas contidas na Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do Consello de Estado, tramitada por conduto da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de abril de 2005,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo.*

O Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 1 («Carácter, autonomía, precedencia, sede e tratamento»), que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Exerce a función consultiva con autonomía orgánica e funcional para garantir a súa obxectividade e independencia de acordo coa Constitución e as leis. A súa organización, funcionamento e réxime interior rexeranse polo disposto na súa lei orgánica e neste regulamento.»

Dous. Modifícase o artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Funcións.*

1. O Consello de Estado emitirá ditame en cantos asuntos sometan á súa consulta o Goberno ou os seus membros ou as comunidades autónomas por conduto dos seus presidentes.

2. O Consello de Estado realizará en por si ou dirixirá a realización dos estudos, informes ou memorias que o Goberno lle solicite ou que o propio Consello xulgue oportuno para o mellor desempeño das súas funcións.

3. O Consello de Estado elaborará as propostas lexislativas o de reforma constitucional que o Goberno lle encomende. Na elaboración das propostas atenderá os obxectivos, criterios e límites sinalados polo Goberno, e poderá formular tamén as observacións que coide pertinentes acerca deles.»

Tres. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Constitucionalidade, legalidade e oportunidade.*

1. No exercicio das súas funcións, o Consello de Estado velará pola observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

2. O Consello de Estado apreciará a legalidade e, de ser o caso, a constitucionalidade dos proxectos de disposicións xerais, tratados e actos administrativos sometidos á súa consulta e valorará os aspectos de oportunidade e conveniencia cando o solicite expresamente a autoridade consultante ou cando o exixa a índole do asunto ou a maior eficacia da Administración no cumprimento dos seus fins.»

Catro. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Consultas.*

1. As consultas ao Consello de Estado serán preceptivas cando na súa lei orgánica ou noutras leis así se estableza. As consultas serán facultativas nos demais casos.

2. Os ditames do Consello non serán vinculantes, salvo que a lei dispoña o contrario.»

Cinco. Engádeselle un punto 7 ao artigo 7 («Resolución ou disposición adoptada, notificacións e omisións»), que queda redactado nos seguintes termos:

«7. No preámbulo ou exposición de motivos das iniciativas legislativas ou de reforma constitucional elaboradas a partir de propostas do Consello de Estado farase mención a esta circunstancia.»

Seis. Modifícase o artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Regras comúns aos membros e funcionarios do Consello de Estado.*

1. O presidente, os conselleiros, o secretario xeral, os maiores e letrados e o resto do persoal do Consello están obrigados a gardar segredo sobre as propostas e acordos adoptados mentres os asuntos non estean resoltos e, en todo tempo, sobre as deliberacións habidas, así como sobre os pareceres e votos emitidos polo presidente, os conselleiros e os letrados.

O disposto no parágrafo anterior non obsta a publicación da doutrina legal, nos termos previstos no artigo 132 deste regulamento.

2. A selección e provisión de todos os postos de traballo no Consello de Estado realizaranse tendo en especial consideración os principios de mérito e capacidade.»

Sete. Modifícase o punto 1 do artigo 9 («Órganos»), que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Consello de Estado actúa en Pleno, en Comisión Permanente ou en Comisión de Estudos.»

Oito. Modifícase a rúbrica do artigo 12 e engádesse un punto 4, co contido do actual artigo 13, quedando aquela e este redactados nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Das seccións e das ponencias especiais.*»

«4. O presidente, oída a Comisión Permanente, poderá constituir ponencias especiais conforme o

disposto nos artigos 120 e seguintes deste regulamento orgánico.»

Nove. Modifícase o artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 13. *Da Comisión de Estudos e dos grupos de traballo.*

1. A Comisión de Estudos estará presidida polo presidente do Consello de Estado e integrada por dous conselleiros permanentes, dous conselleiros natos e dous conselleiros electivos, designados polo Pleno por proposta do presidente, así como polo secretario xeral. Outro ou outros conselleiros poderán ser incorporados á devandita comisión, por designación do Pleno por proposta do presidente, para a realización de tarefas concretas.

2. A Comisión de Estudos estará asistida por, polo menos, un letrado maior e polos letrados que se consideren necesarios en función das tarefas encomendadas.

3. Para o cumprimento das súas tarefas a Comisión de Estudos, por proposta do presidente, constituirá grupos de traballo. Cada grupo de traballo será presidido polo propio presidente do Consello de Estado ou polo conselleiro da Comisión de Estudos que aquel designe, oída a Comisión.»

Dez. Modifícase o artigo 17, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 17. *Funcións.*

1. O presidente do Consello de Estado fixa a orde do día do Pleno, da Comisión Permanente e da Comisión de Estudos, preside as súas sesións e exerce a xefatura de todas as dependencias do Consello de Estado e a súa representación.

2. Exerce no ámbito do Consello de Estado as atribucións propias dos ministros nos seus respectivos departamentos coas previsións específicas contidas neste regulamento. As atribucións inherentes á condición de membro do Goberno serán desempeñadas polo ministro da Presidencia, por cuxo conduto se elevarán ao Consello de Ministros as cuestións propias da súa competencia.»

Once. Modifícanse os parágrafos 4.º, 6.º, 7.º, 8.º, 9.º, 14.º e 15.º do artigo 19 («Atribucións na dirección do Consello»), que quedan redactados nos seguintes termos:

«4.º Dispor, oída a Comisión de Estudos, a realización de Estudos, informes ou memorias, comunicar a decisión ao Goberno, propor á Comisión de Estudos a constitución dos grupos de traballo que procedan e decidir, conforme o artigo 13.3 deste regulamento, sobre a súa presidencia, exercéndoa, de ser o caso, así como constituir ponencias especiais, oída a Comisión Permanente, nos termos dos artigos 120 e seguintes deste regulamento.»

«6.º Someter á decisión do Pleno aqueles asuntos que, correspondendo á Comisión Perma-

nente ou á Comisión de Estudos, requiran, ao seu xuízo, o pronunciamento daquel.

7.º Conceder ou denegar, por proposta da sección correspondente, da Comisión Permanente, da Comisión de Estudos o do Pleno, as audiencias ás comunidades autónomas e aos directamente interesados, conforme o artigo 18.1 da lei orgánica.

8.º Solicitar, por petición da sección correspondente, da Comisión Permanente, da Comisión de Estudos o do Pleno, directamente ou por conduto da autoridade consultante, os informes orais ou escritos a que se refire o artigo 18.2 da lei orgánica.

9.º Reclamar da autoridade consultante, por proposta da sección respectiva, da Comisión Permanente, da Comisión de Estudos o do Pleno, os antecedentes, informes e probas a que se refire o artigo 18.3 da lei orgánica.

14.º Desenvolver, de conformidade coa Comisión Permanente, a estrutura orzamentaria do Consello, conforme as súas características, de acordo coa que se estableza para o sector público, e aprobar os gastos dos servizos ao seu cargo, autorizar o seu compromiso e liquidación e solicitar do ministro de Economía e Facenda a ordenación dos correspondentes pagamentos.

15.º Fixar, oída a Comisión Permanente, as axudas de custo, gratificacións e complemento de produtividade que deban percibir os membros do Consello de Estado e o persoal ao seu servizo, dentro das consignacións orzamentarias e logo das autorizacións que corresponden ao Ministerio de Economía e Facenda.»

Doce. Modifícase o artigo 26, cuxo contido actual pasa a ser o seu punto 1 e ao cal se engade un punto 2, quedando redactado nos seguintes termos:

«Artigo 26. *Adscrición e modificación.*

1. A adscrición de cada conselleiro permanente á súa sección, así como a súa modificación, acordase en virtude de real decreto.

2. Dous conselleiros permanentes, designados polo Pleno por proposta do presidente, formarán parte da Comisión de Estudos. As designacións faranse por un prazo de dous anos, sen prexuízo da súa posible renovación.»

Trece. Modifícase o artigo 33, que refunde o contido dos actuais artigos 33 e 34 e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 33. *Funcións no Pleno, na Comisión Permanente e na Sección.*

1. Os conselleiros permanentes teñen a obriga de asistir con voz e voto ás sesións, así do Pleno como da Comisión, sempre que fosen citados regulamentariamente, e deberán escusar a súa asistencia cando esta lles fose imposible.

Nas sesións poderán discutir os ditames, impugnalos ou defendelos, propondo a súa modificación, aceptación ou desestimación, que sexan retirados ou ben que queden sobre a mesa ou que se amplíen os seus antecedentes. No caso de discrepar do parecer da maioría, poderán formular, en tempo e forma, un voto particular, razoado, conforme o artigo 107 deste regulamento orgánico.

2. Os conselleiros permanentes presidirán a sección a que estivesen adscritos e serán xefes do persoal asignado a ela, correspondéndolles por tales conceptos:

1.º Presidir as reunións da sección, dirixir as súas deliberacións e autorizar as actas correspondentes.

2.º Decidir sobre os proxectos de consulta de que desen conta os letrados da súa sección e, en caso de rexeitalos, encomendarlle a súa redacción ao letrado maior ou redactalos por si mesmos.

3.º Encomendarlle excepcionalmente ao letrado maior ou a calquera letrado da sección o despacho e relatorio dos asuntos cando por calquera razón ou estimasen procedente.

4.º Apercibir calquera funcionario da súa sección.»

Catorce. Modifícase o artigo 34, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 34. *Funcións na Comisión de Estudos e nos grupos de traballo.*

1. Os conselleiros permanentes que formen parte da Comisión de Estudos teñen a obriga de asistir con voz e voto ás súas sesións, sempre que fosen citados regulamentariamente, e deberán escusar a súa asistencia cando esta lles fose imposible.

2. Nas sesións deliberarán sobre os estudos, informes ou memorias e as propostas legislativas ou de reforma constitucional que lles fosen sometidas. Poderán propor a súa aceptación, modificación, ampliación ou rexeitamento, así como que queden sobre a mesa. No caso de discreparen do parecer da maioría en relación coas propostas legislativas ou de reforma constitucional, poderán formular un voto particular, razoado, dentro do prazo de 20 días e conforme o artigo 107 deste regulamento.

3. O establecido no precedente punto 2 corresponderalles no Pleno a todos os conselleiros permanentes cando se trate de asuntos en que sexa relatora a Comisión de Estudos.

4. O conselleiro permanente que presida un grupo de traballo asumirá a responsabilidade de dirixir, impulsar e orientar a redacción dos estudos, informes e memorias ou a preparación de textos normativos encomendados ao grupo, podendo distribuír as tarefas entre os seus integrantes.

5. O conselleiro permanente que, conforme o establecido no artigo 13.1 deste regulamento, fose designado para a realización dunha ou varias tarefas concretas, exercerá as funcións específicas que se lle atribuísen no acordo de designación, e seranlle aplicables no que proceda as regras precedentes.»

Quince. Modifícase o artigo 35, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 35. *Conselleiros natos.*

1. Serán conselleiros natos os enumerados no artigo 8 da lei orgánica. Os conselleiros natos conservarán a súa condición mentres desempeñen o cargo que a determinase.

2. Os que desempeñasen o cargo de presidente do Goberno adquirirán a condición de conselleiros natos de Estado con carácter vitalicio. Tomarán posesión do seu cargo unha vez manifestada ao presidente do Consello de Estado a súa vontade de se incorporaren. Formarán parte do Pleno do Consello de Estado e poderán ser designados por este, por proposta do presidente, para formaren parte da Comisión de Estudos ou de ponencias especiais. Así mesmo, poderán desempeñar, por encargo específico do presidente do Consello de Estado, outras funcións de asesoramento, dirección ou representación acordes á súa experiencia e rango.

3. O estatuto persoal e económico dos conselleiros natos con carácter vitalicio será o dos conselleiros permanentes, sen prexuízo do que lles corresponda como ex presidentes do Goberno. Só cesarán, con perda da súa condición de conselleiros, cando formalicen ante o presidente do Consello de Estado a súa renuncia definitiva.

4. Os ex presidentes do Goberno poderán suspender o exercicio da súa función como conselleiros natos por declaración manifestada ao presidente do Consello de Estado. Transcorridos dous anos desde a devandita declaración, poderanse reincorporar tras lle manifestar ao presidente do Consello de Estado a súa vontade de dar por finalizada a suspensión. No caso de recaer unha decisión xurisdiccional que impida o exercicio da súa función, este suspenderase polo tempo a que se estenda.

5. No caso de concorrencia dunha causa de incompatibilidade, apreciada polo presidente do Consello de Estado, suspenderase o exercicio da súa función como conselleiros natos de non renunciaren no termo de oito días ao cargo incompatible. Desaparecido o motivo de incompatibilidade, poderanse reincorporar tras lle manifestar ao presidente do Consello de Estado a súa vontade de facelo.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 38, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 38. *Funcións.*

1. Os conselleiros natos e electivos teñen no Pleno as mesmas funcións atribuídas no artigo 33 deste regulamento orgánico ca os conselleiros permanentes.

2. Dous conselleiros natos, designados polo Pleno por proposta do presidente, formarán parte da Comisión de Estudos. As designacións faranse por un prazo de dous anos, sen prexuízo da súa posible renovación. Se ao se producir o cesamento de calquera deles fose membro da Comisión de Estudos, o Pleno, por proposta do presidente, designará a quen deba formar parte dela iniciándose con esa designación o prazo de dous anos.

3. Dous conselleiros electivos, designados polo Pleno por proposta do presidente, formarán parte da Comisión de Estudos. As designacións faranse por un prazo de dous anos, sen prexuízo da súa posible renovación, ou polo prazo inferior que lles restase para a extinción do período de tempo polo que fosen nomeados conselleiros electivos.

4. Os conselleiros natos e electivos que formen parte da Comisión de Estudos teñen as mesmas funcións atribuídas no artigo 34 deste regulamento ca os conselleiros permanentes.»

Dezasete. Modifícase o artigo 47, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 47. *Requisitos.*

Poderán concorrer á oposición os españois maiores de idade, que sexan licenciados universitarios en dereito e teñan capacidade legal e física.»

Dezaoito. Modifícase o punto 6 do artigo 48 («Exercicios»), que queda redactado nos seguintes termos:

«6. O quinto exercicio consistirá en ler e traducir para o castelán algúns parágrafos impresos de literatura xurídica seleccionados polo tribunal. O opositor deberá elixir dous idiomas entre inglés, francés e alemán. Ademais dos idiomas elixidos, o opositor poderá pedir exame de calquera outro idioma como mérito.»

Dezanove. Modifícase o artigo 58, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 58. *Funcións.*

Ao secretario xeral correspóndenlle as funcións de secretario do Pleno, da Comisión Permanente e da Comisión de Estudos, de xefe directo do persoal e do réxime interior dos servizos e dependencias do Consello, sen prexuízo da superior autoridade do presidente e das atribucións da Comisión Permanente, da Comisión de Estudos e dos conselleiros presidentes de sección.

Despachará co presidente coa periodicidade que este determine e sempre que o requira a boa marcha dos asuntos do Consello.»

Vinte. Modifícase o artigo 59, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 59. *Atribucións nas sesións.*

Como secretario do Pleno, da Comisión Permanente e da Comisión de Estudos, correspóndenlle as seguintes atribucións:

1.^a Preparar e cursar a orde do día das sesións do Consello, someténdoo á previa aprobación do presidente.

2.^a Asistir con voz, pero sen voto, ás sesións do Pleno, da Comisión Permanente e da Comisión de Estudos.

3.^a Autorizar os ditames aprobados polo Consello de Estado e as modificacións que neles se introduzan.

4.^a Autorizar os documentos relativos aos estudos, informes e memorias e ás propostas lexislativas ou de reforma constitucional que aprobe o Consello de Estado.

5.^a Expedir certificacións de actas, acordos, ditames e as súas copias; estudos, informes e memorias e propostas lexislativas ou de reforma constitucional, co visto e prace do presidente.

6.^a Expedir as certificacións de asistencia para acreditar o devengo de axuda de custos dos conselleiros natos e electivos.

7.^a Manter os libros de actas da Comisión Permanente, da Comisión de Estudos e do Pleno foliados e visados polo presidente.

8.^a Levar un rexistro de disposicións lexislativas que afecten o Consello de Estado e outro das resolucións recaídas nos expedientes sometidos á súa consulta.

9.^a Someter anualmente á Ponencia Permanente o proxecto de memoria a que se refire o artigo 144 deste regulamento orgánico, elaborado á vista das memorias remitidas polos letrados maiores conforme o que o artigo 66 deste regulamento prevén.»

Vinte e un. Modifícanse os parágrafos 2.^o e 4.^o do artigo 61 («Atribucións de réxime interior»), que quedan redactados nos seguintes termos:

«2.^o Coordinar o despacho das seccións e dos grupos de traballo co das comisións Permanente e de Estudos e o Pleno, solicitando a entrega dos asuntos que deberán pasar a estes.

4.^o Preparar o proxecto de orzamentos, sen prexuízo das atribucións que os artigos 26 e 27 da lei orgánica e 135 e 136 deste regulamento lles atribúen ao presidente e á Comisión Permanente.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 64, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 64. *Funcións.*

Os letrados do Consello de Estado desempeñarán as funcións de estudo, preparación e redacción dos proxectos de ditame e participarán na elaboración dos relatorios da Comisión de Estudos.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 65, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 65. *Adscrición.*

1. Todos os maiores e letrados estarán adscritos a unha ou varias seccións do Consello de Estado. Tamén prestarán asistencia á Comisión de Estudos e a un ou varios dos grupos de traballo que se constituán.

2. A adscrición e a prestación de asistencia acordarase ao presidente, por proposta do secretario xeral, oído o parecer da Comisión Permanente e, de ser o caso, da Comisión de Estudos.»

Vinte e catro. O contido actual do artigo 66 («Funcións dos maiores») pasa a constituír o seu punto 1. con modificación do seu parágrafo 10.^a, que queda redactado nos seguintes termos:

«10.^a Elevar ao secretario xeral no mes de xaneiro de cada ano unha memoria da sección na cal se expresen a súa actividade e as observacións e suxestións que se puidesen desprender dos proxectos de ditame despachados.»

Vinte e cinco. Engádenselle dous novos puntos ao artigo 66 («Funcións dos maiores»), que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Os maiores poderán formar parte dos grupos de traballo, desempeñando neles as funcións que, para os fins de preparación e coordinación dos relatorios, lles encomende o presidente do grupo.

3. O maior que asista a Comisión de Estudos deberá elevar anualmente ao secretario xeral unha memoria na cal se expresen a súa actividade e as observacións e suxestións que se puidesen desprender dos traballos realizados.»

Vinte e seis. Engádesse un parágrafo 4.^o ao artigo 68 («Funcións xerais dos letrados»), e queda este redactado nos seguintes termos:

«4.^a Participar nos grupos de traballo realizando as tarefas que lles sexan encomendadas.»

Vinte e sete. Modifícase o punto 1 do artigo 96 («Colocación»), que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Nas sesións do Pleno colocaranse os seus compoñentes pola seguinte orde: na cabeceira da mesa presidencial, o presidente do Consello de Estado ou quen o substitúa. A ambos os lados do que presida, e pola orde das seccións, os conselleiros permanentes. A continuación, polo lado da dereita, os conselleiros natos, comezando polos ex presidentes do Goberno e seguindo pola orde en que aparecen enumerados na lei orgánica, e, pola esquerda, os electivos por orde de antigüidade.»

Vinte e oito. Modifícase o punto 1 do artigo 99 («Quórum funcional»), que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta de votos dos asistentes, salvo no caso das propostas legislativas ou de reforma constitucional encomendadas polo Goberno, sobre as que o pronunciamiento do Pleno se adoptará por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do que preside.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 100, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 100. *Preparación.*

1. Correspóndelles ás seccións preparar o despacho dos asuntos que deban ser aprobados pola Comisión Permanente, e aos grupos de traballo, o dos asuntos que deban ser aprobados pola Comisión de Estudos.

2. A Comisión Permanente ou a Comisión de Estudos, atendendo ás súas respectivas competencias, desempeñarán o relatorio de todos os asuntos en que o Consello de Estado en Pleno deba entender.»

Trinta. Modifícanse os puntos 3, 4 e 5 do artigo 101 («Forma de despachar»), que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. A continuación serán despachados os asuntos que figuran na orde do día. O presidente, ou o conselleiro en quen delegue, fará unha presentación do proxecto elaborado pola Comisión de Estudos. No caso de que o relatorio lle corresponda á Comisión Permanente, será o conselleiro presidente da sección respectiva ou o que, de ser o caso, presidise a Ponencia especial quen realice a devandita exposición. Estes conselleiros poderán engadir as explicacións que xulguen do caso.

O maior ou o letrado relator, ben por propia iniciativa ben por requirimento do presidente ou de calquera conselleiro, poderá facer aclaracións ou dar explicacións sobre o asunto consultado.

4. Os proxectos de ditame deberán ter sido repartidos por escrito, polo menos con oito días de anticipación. De se tratar dun proxecto de disposición xeral, xuntarase unha copia do texto normativo consultado.

5. Os proxectos elaborados pola Comisión de Estudos deberán ter sido repartidos por escrito, polo menos con 20 días de anticipación. Xuntarase a documentación complementaria que a dita comisión considere necesaria.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 103, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 103. *Emendas.*

1. A redacción das emendas ou adicións que afecten a conclusión ou conclusións dun proxecto de ditame deberá ser explicitamente aprobada

antes de cerrarse a discusión sobre o punto controvertido. De a emenda ou adición afectar os antecedentes ou razoamentos, pódese dar por entendida, quedando encargada de modificalos a Sección ou Ponencia especial que preparase o ditame. O conselleiro que presente as modificacións deberá defendelas, e o presidente abrirá a discusión sobre se se admiten ou non e, de non haber unanimidade, serán votadas.

2. No caso dos estudos poderanse facer observacións e suxestións. En relación cos informes ou memorias poderanse formular, ademais, emendas ao seu contido e, de conteren conclusións, aplicaranse, nos termos que correspondan, as regras do punto precedente.

3. Cada proposta legislativa ou de reforma constitucional será sometida a un debate inicial de conxunto, concluído o cal o presidente fixará un prazo en que os conselleiros poderán presentar, por escrito, emendas concretas. Tras a análise das emendas pola Comisión de Estudos, esta exporá por escrito a súa posición e o relatorio que, en definitiva, adopte elevarase ao Pleno para o seu debate e decisión.

4. A Comisión de Estudos poderalle presentar ao Pleno, de o estimar oportuno, propostas que inclúan dúas ou máis opcións. As opcións que non resultasen aprobadas polo Pleno xuntaranse á proposta maioritaria de obteren un mínimo de sete votos, sen prexuízo do dereito de cada conselleiro a formular un voto particular conforme o artigo 107 deste regulamento orgánico.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 104, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 104. *Votación.*

1. Terminada a deliberación e acordado o que proceda, de ser o caso, respecto das emendas, someterase a votación o proxecto presentado coas modificacións resultantes das emendas aprobadas. De non ter pedida a palabra ningún conselleiro, procederase directamente á votación.

2. Nas votacións non se permitirán as abstencións, salvo no caso de inhibición legal.»

Trinta e tres. Modifícase o artigo 105, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 105. *Proxectos rexeitados.*

1. Os proxectos de ditame rexeitados polo Pleno devolveránselle á Comisión Permanente para novo estudo, de os membros presentes desta, en número superior á metade, o aceptaren. Noutro caso, o presidente nomeará unha ponencia especial que redacte o ditame e o presente a unha nova sesión do Pleno.

2. Os proxectos de estudos, informes ou memorias rexeitados polo Pleno devolveránselle á Comisión de Estudos para un novo exame. En canto ás propostas legislativas ou de reforma constitucional, observarase o disposto no artigo 103 deste regulamento.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 107, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 107. *Votos particulares.*

1. Calquera conselleiro poderá presentar un voto particular contra o acordo da maioría ou anuncio, sempre que sexa antes de levantarse a sesión,

remitíndoo por escrito, dentro dun prazo non superior a 10 días, á presidencia do Consello. Os conselleiros que votasen en contra poderanse adherir ao voto particular ou redactar o seu propio, sempre que reservasen para si este dereito antes de concluír a sesión.

2. No caso de propostas legislativas ou de reforma constitucional, o prazo para remitir o voto particular será de 20 días.

3. Excepcionalmente, o presidente poderá conceder unha prórroga de tempo nos asuntos moi prolixos ou fixar outro prazo menor nos urxentes.»

Trinta e cinco. Modifícase o artigo 108, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 108. *Remisión das decisións.*

As decisións do Pleno serán remitidas á autoridade consultante asinadas polo presidente e o secretario, indicando na marxe os nomes dos conselleiros que asistan e coa expresión de se foron aprobados por unanimidade ou por maioría ou empate decidido polo voto do presidente, e acompañados do voto ou votos particulares de os houber e, de ser o caso, das propostas alternativas que obtivesen un mínimo de sete votos.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 109, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 109. *Arquivo.*

As minutas dos diversos ditames, estudos, informes, memorias, propostas legislativas ou de reforma constitucional, emendas, votos particulares e propostas alternativas, a comunicación do acordo e, de ser o caso, o informe do letrado maior a que se refire o artigo 7.6 deste regulamento orgánico, serán arquivados xuntamente coa copia do documento definitivo.»

Trinta e sete. Modifícase a rúbrica da sección 2.^a do capítulo II do título II, que queda redactada nos seguintes termos:

«SECCIÓN 2.^a DA COMISIÓN PERMANENTE E DA COMISIÓN DE ESTUDOS»

Trinta e oito. Modifícase o artigo 112, que refunde o contido dos actuais artigos 112 e 113 e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 112. *Da Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente reunirse periodicamente e sempre que a convoque o presidente, xa para entender dos asuntos da súa competencia, xa para preparar o despacho dos que correspondan ao Pleno.

2. O disposto para o Pleno nos artigos 95 e seguintes deste regulamento orgánico será aplicable ás sesións da Comisión Permanente coas seguintes excepcións:

1.^a As seccións desempeñarán o relatorio de todos os asuntos en que a Comisión Permanente deba entender.

2.^a Os proxectos de ditame serán repartidos, polo menos, con 72 horas de anticipación, salvo que o asunto fose urxente ou que o presidente, á vista da orde do día, considerase que hai tempo suficiente para o estudo do proxecto de ditame polos conselleiros permanentes.

3.^a Será a sección relatora a que redacte de novo os ditames rexeitados, salvo o caso en que o

conselleiro titular non aceptase tal cometido, que pasará daquela a unha ponencia especial, que nomeará o presidente oída a Comisión Permanente.»

Trinta e nove. Modifícase o artigo 113, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 113. *Da Comisión de Estudos.*

1. A Comisión de Estudos reunirse sempre que a convoque o presidente, xa para entender dos asuntos da súa competencia, xa para preparar o despacho dos que correspondan ao Pleno.

2. O disposto para o Pleno nos artigos 95 e seguintes deste regulamento orgánico será aplicable ás sesións da Comisión de Estudos coas seguintes excepcións:

1.^a Os presidentes dos grupos de traballo desempeñarán o relatorio de todos os asuntos en que a Comisión de Estudos deba entender.

2.^a Os estudos, informes ou memorias, así como as propostas legislativas ou de reforma constitucional, serán repartidos polo menos con 20 días de anticipación salvo que o asunto fose urxente ou que o presidente, á vista do seu contido, considere suficiente un prazo menor.

3.^a Os grupos de traballo elevarán á Comisión de Estudos, de o estimaren oportuno, propostas que inclúan unha pluralidade de opcións.»

Corenta. Modifícase o punto 2 do artigo 118 («Despacho»), que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Calquera dos asistentes poderá formular observacións, reparos ou pedir esclarecemento, sen limitación de quendas, e o relator poderá contestar tantas veces fose preciso. O conselleiro resolverá deixar o expediente sobre a mesa, retiralo para o seu estudo, aprobar o ditame, con emendas ou sen elas, ou desbotalo e, nese caso, procederáse conforme o disposto nos artigos 33.2.2.º e 66.1.3.º deste regulamento orgánico, facéndose constar na acta correspondente estas circunstancias e os nomes dos asistentes á sesión.»

Corenta e un. Modifícase a rúbrica da sección 3.^a do capítulo II do título II, que queda redactada nos seguintes termos:

«SECCIÓN 3.^a DAS SECCIÓNS E DOS GRUPOS DE TRABALLO»

Corenta e dous. Modifícase o artigo 119, que pasa a ser o último da sección 3.^a e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 119. *Dos grupos de traballo.*

1. A Comisión de Estudos, por proposta do presidente, acordará a constitución de grupos de traballo para os fins seguintes:

1.º Elaborar as propostas legislativas ou de reforma constitucional que o Goberno lle encomende ao Consello de Estado.

2.º Realizar os estudos, informes ou memorias que o Goberno solicite ou que o propio presidente do Consello de Estado lle encargue á Comisión de Estudos.

2. Os grupos de traballo serán dirixidos polo presidente do Consello de Estado ou polo conselleiro membro da Comisión de Estudos que aquel designe, oída a Comisión.

3. A organización e o funcionamento dos grupos de traballo, así como a participación dos seus membros rexeranse polo establecido na Lei orgánica do Consello de Estado e neste regulamento.

No acordo de constitución de cada grupo de traballo deberase determinar o seu obxecto e o prazo inicialmente previsto para a elaboración da tarefa encomendada. O presidente do Consello de Estado, por propia iniciativa ou por proposta do conselleiro que presida o grupo, acordará a asignación de medios persoais e materiais.

4. Participarán nos grupos de traballo os letrados do Consello de Estado que se consideren necesarios en función das tarefas encomendadas.

5. Cando a índole dos traballos o requira, poderase solicitar a participación temporal e circunscrita á tarefa de que se trate de funcionarios doutros corpos das administracións públicas ou de persoas alleas a estas sempre que, polas súas calidades e preparación, se considere necesaria. Para tal efecto, poderanse utilizar, segundo procedan e conveñan ao xuízo do presidente do Consello de Estado, as formas previstas na lexislación funcional e de contratos.

6. Os membros dos grupos de traballo poderán percibir as axudas de custo, gratificacións ou complemento de produtividade que fixe o presidente do Consello de Estado, de acordo co disposto no punto 15 do artigo 19 deste regulamento.

7. O presidente do Consello de Estado, co acordo da Comisión de Estudos, poderalle encomendar ao Centro de Estudos Políticos e Constitucionais a realización de tarefas determinadas para levar a cabo os estudos, informes ou memorias, así como a elaboración dos anteproxectos que o Goberno lle encargue ao Consello de Estado, sen prexuízo das participacións individuais que poida requirir conforme o precedente punto 5.

8. Cando a índole dos asuntos o requira, o presidente do Consello de Estado, oída a Comisión de Estudos, poderá solicitar directamente a colaboración doutros organismos autónomos ou unidades e servizos administrativos para a realización dos estudos, informes ou memorias que lle fosen encargados polo Goberno, sendo informados diso os departamentos ministeriais dos cales dependan os servizos solicitados. Os devanditos departamentos adoptarán as medidas necesarias para que as solicitudes sexan cubertas.»

Corenta e tres. Modifícase o artigo 120, que pasa a ser o primeiro da sección 4.^a e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 120. *Ponencias especiais.*

1. Oída a Comisión Permanente, o presidente do Consello de Estado poderá constituír ponencias especiais permanentes ou singulares. En cada caso, designará o conselleiro que a deba presidir, cando este non asuma a presidencia, e os conselleiros, maiores e letrados que deban formar parte dela.

2. Haberá, polo menos, as ponencias permanentes de doutrina legal, de biblioteca, de memoria e de orzamentos e xestión económica.»

Corenta e catro. Modifícase o parágrafo 3.º do punto 1 do artigo 121 («Ponencias especiais singulares»), que queda redactado nos seguintes termos:

«3.º Estudo e preparación dos asuntos para o seu despacho cando o proxecto de ditame da Sec-

ción ou da Comisión Permanente fose rexeitado conforme o disposto nos artigos 105.1, 112.2 e 118 deste regulamento orgánico.»

Corenta e cinco. Engádeselle un punto 5 ao artigo 123 («Remisión das consultas»), que queda redactado nos seguintes termos:

«5. As consultas relativas aos estudos, informes, memorias, así como a propostas legislativas ou de reforma constitucional, serán acordadas polo Consello de Ministros. A remisión do acordo ao Consello de Estado deberá ser asinada polo ministro da Presidencia. Nela indícase, respecto dos estudos, informes e memorias, se a remisión se fai ao Pleno ou á Comisión de Estudos e, na falta de previsión expresa, entenderase que corresponden a esta última. Na orde pola que se encomenda elaboración de propostas legislativas ou de reforma constitucional, que se someterán sempre ao Pleno, deberán constar os obxectivos, criterios e límites que fixe o Goberno.»

Corenta e seis. Modifícase o artigo 132, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 132. *Doutrina legal.*

1. O Consello publicará, omitindo os datos concretos sobre a procedencia e características das consultas, recompilacións da doutrina legal sentada nos seus ditames.

2. O Consello de Estado formará unha base pública dos seus ditames con suxeición ás condicións que establece o punto anterior. O presidente, por proposta do secretario xeral, fixará os criterios para a inserción dos ditames na devandita base.

3. O Consello de Estado poderá publicar os estudos, informes ou memorias que elabore.»

Corenta e sete. Modifícase a sección 7.^a do capítulo II do título II, que queda redactada nos seguintes termos:

«SECCIÓN 7.^a DOS ESTUDOS, INFORMES, MEMORIAS E DAS PROPOSTAS LEGISLATIVAS E DE REFORMA CONSTITUCIONAL

Artigo 133. *Prazo.*

O prazo para a elaboración dos estudos, informes e memorias e das propostas legislativas e de reforma constitucional será o que fixe a autoridade consultante ou o presidente do Consello de Estado. No seu defecto, o prazo será dun ano. Estes prazos empezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da consulta. Excepcionalmente, cando pola complexidade da materia fose previsible a insuficiencia do prazo establecido, o presidente solicitaralle á autoridade consultante que fixe un prazo superior.

Artigo 134. *Elaboración e formulación.*

1. Na elaboración dos traballos a que se refire esta sección poderanse ter en conta, entre outros criterios, as experiencias do dereito comparado, os estudos doutriniais na materia, os antecedentes legislativos, a xurisprudencia e a doutrina constitucional.

2. As propostas legislativas e de reforma constitucional formularanse en textos normativos completos, e poderanse presentar ante a Comisión de Estudos ou o Pleno propostas que inclúan unha pluralidade de opcións. O Consello de Estado poderalles xuntar ás propostas as súas observacións acerca dos obxectivos, criterios e límites fixados polo Goberno.»

Corenta e oito. Engádesse unha sección 8.1, que, con algún retoque, se limita a incorporar o contido da actual sección 7.^a, que queda nos seguintes termos:

«SECCIÓN 8.^a DOS ORZAMENTOS DO CONSELLO

Artigo 135. *Elaboración.*

1. O Consello de Estado elaborará o seu anteproxecto de orzamento, que figurará como unha sección dentro dos orzamentos xerais do Estado.

2. Correspóndelles ao secretario xeral e á Ponencia Especial de Orzamentos e Xestión Económica a elaboración do anteproxecto do estado de gastos, debidamente documentado.

3. Da Ponencia Especial de Orzamentos e Xestión Económica formará parte o conselleiro a cuxo cargo estea a Sección de Facenda.

4. Un interventor delegado da Intervención Xeral da Administración do Estado exercerá as funcións de control reguladas na Lei 47/2003, do 23 de novembro, xeral orzamentaria, mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro permanente.

Artigo 136. *Aprobación e restantes competencias.*

1. A aprobación do anteproxecto do estado de gastos para a súa remisión ao ministerio competente en materia orzamentaria correspóndelle ao presidente do Consello, de conformidade coa Comisión Permanente.

2. O presidente do Consello de Estado, de conformidade co disposto no artigo 17.2, exercerá as competencias que a Lei 47/2003, do 23 de novembro, xeral orzamentaria, lles atribúe aos xefes dos departamentos ministeriais, sendo da súa exclusiva incumbencia as relativas á execución e liquidación do orzamento.»

Corenta e nove. Modifícase o artigo 137, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 137. *Competencia do Pleno.*

O Consello de Estado en Pleno deberá ser consultado nos asuntos enumerados nos artigos 21 e 23.2 da súa lei orgánica e naqueles para os que, aínda que estivesen atribuídos á competencia da Comisión Permanente ou da Comisión de Estudos, así o solicítase o presidente do Goberno ou acorde o presidente do Consello de Estado sometelos ao Pleno.»

Cinquenta. Modifícase o artigo 138, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 138. *Competencia da Comisión Permanente e da Comisión de Estudos.*

1. A Comisión Permanente do Consello de Estado deberá ser consultada nos asuntos enumerados no artigo 22 da súa lei orgánica e nos enumerados no seu artigo 21 no caso de que o prazo fixado para a súa consulta fose inferior a 10 días, nos termos do artigo 19.2 da lei orgánica.

2. A Comisión de Estudos ordenará, dirixirá e supervisará a realización dos estudos, informes ou memorias encargados polo Goberno ou que acorde o presidente do Consello de Estado, oída a devandita comisión, e elaborará as propostas legislativas ou de reforma constitucional que o Goberno lle encomende ao Consello de Estado, que deberán ser sometidas ao Pleno.»

Cincuenta e un. Modifícase o punto 2 do artigo 142 («Consulta polas comunidades autónomas»), que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O ditame será preceptivo para as comunidades autónomas que carezan de órgano consultivo propio nos mesmos casos previstos para o Estado pola Lei orgánica do Consello de Estado, cando asumisen as competencias correspondentes.»

Cincuenta e dous. Modifícase o punto 2 do artigo 144 («Memoria»), que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A devandita memoria deberá ser sometida á aprobación do Pleno nunha sesión solemne que terá lugar no primeiro trimestre de cada ano. Para estes efectos, constituirase unha ponencia especial para a súa preparación, da que necesariamente formarán parte os conselleiros permanentes de doutrina legal, orzamentos e xestión económica e biblioteca, así como o secretario xeral.»

Artigo segundo. *Supresión de referencias.*

Quedan suprimidas todas as referencias á Lei orgánica do Consello de Estado que figuran entre paréntese no Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo.

Artigo terceiro. *Erratas.*

Corríxense as seguintes erratas advertidas no texto do Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo, e que, nos termos que se expresan, viñeron sendo usualmente salvadas ao verificar a súa interpretación e aplicación:

1.º No punto 1 do artigo 52, onde di: «así como a determinación e publicación da data de comezo dos membros do tribunal», debe dicir: «así como a publicación da data de comezo dos exercicios e dos membros do tribunal».

2.º No punto 7.º do artigo 66, onde di: «Iles confira», debe dicir: «lle confira».

Disposición transitoria única. *Réxime dos ex presidentes do Goberno.*

1. Aos ex presidentes do Goberno que adquirisen a condición de conselleiros natos de Estado con carácter vitalicio ao abeiro do establecido na disposición transitoria da Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, recoñeceráselles tal condición con efectos desde o 1 de marzo de 2005.

2. Os ex presidentes do Goberno que non adquirisen a condición de conselleiros natos de Estado con carácter vitalicio ao abeiro do establecido na mencionada disposición transitoria da Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, poderán, non obstante, adquirir no futuro tal condición nos termos establecidos na Lei orgánica do Consello de Estado e no seu regulamento orgánico.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6883 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006, e á gandaría para o ano 2005. («BOE» 101, do 28-4-2005.)*

Advertidos erros no Real decreto 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006, e á gandaría para o ano 2005, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 25 de decembro de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2257, segunda columna, no número 1 do artigo 19, onde di: «1. Con carácter xeral, os pagamentos correspondentes ás axudas previstas no artigo 1 efectuaranse entre o 1 de decembro de 2005 e o 30 de xuño de 2006.», debe dicir: «1. Con carácter xeral, os pagamentos correspondentes ás axudas previstas no artigo 1 efectuaranse entre o 1 de decembre de 2005 e o 30 de xuño de 2006. Non obstante, no caso da axuda aos produtores de lúpulo, o período de pagamento será entre o 16 de outubro e o 31 de decembro de 2005.»

Na páxina 2260, primeira columna, no artigo 34.4.b), onde di: «... o artigo 143 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004...», debe dicir: «... o artigo 145 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004...».

Na páxina 2262, primeira columna, no artigo 42.a), parágrafo terceiro, onde di: «... establecidos na alínea c),...», debe dicir: «... establecidos na alínea b),...».

Na páxina 2262, segunda columna, no artigo 43.2.1.º, onde di: «O 1 de febreiro de 2005, para as sementeiras de outono.», debe dicir: «Ata o final do prazo para a presentación da solicitude única, nas sementeiras de outono.»

Na páxina 2265, segunda columna, no número 3 do artigo 54, onde di: «... un mes antes do sacrificio...», debe dicir: «... un mes antes do sacrificio ou dous meses no caso de exportación...».

Na páxina 2266, primeira columna, no artigo 55.2.b).4.º, onde di: «... cinco e sete meses.», debe dicir: «... seis e menos de oito meses.»

Na páxina 2268, primeira columna, no artigo 63.1, onde di: «... anexo XIX...», debe dicir: «... anexo XX...».

Na páxina 2281, no anexo III, na columna kg/ha en regadío, suprímese o primeiro «220», e engádese «220» na liña correspondente a «Aragón, Castilla y León, Cataluña, Navarra, La Rioja e C. Valenciana».

Na páxina 2289, no anexo VII.III.2.d), onde di: «... artigo 144...», debe dicir: «... artigo 147...».

Na páxina 2308, onde di «Anexo XIII», debe dicir: «Anexo XXIII».

Na páxina 2310, no número 4.2 do anexo XXIII, onde di: «... para animais de 1 a 8 meses...», debe dicir: «... para animais de máis de 1 a menos de 8 meses...».

Na páxina 2310, no número 4.4 do anexo XXIII, onde di: «... 5 meses...», debe dicir: «... 6 meses...».

Na páxina 2311, no número 5.1 do anexo XXIII, onde di: «... anexo 15...», debe dicir: «... anexo XIV...».

Na páxina 2313, onde di: «Anexo XXVII», debe dicir: «Anexo XXVI».